



*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba o listado provisional de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes da concesión das comisións de servizos por motivos de saúde, reguladas pola Orde do 30 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 9 de maio).*

De conformidade co disposto no artigo 10 da Orde do 30 de abril de 2007 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e a petición da interesada ou interesado, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 9, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde do 25 de xaneiro de 2012 (DOG do 8 de febreiro)

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar o listado provisional de solicitudes de comisión de servizos por motivos de saúde declaradas procedentes e improcedentes.

Segundo. Declarar excluídas as solicitudes non formuladas dentro do prazo establecido na Orde do 30 de abril de 2007, e que figuran no anexo á listado provisional.

Terceiro. Publicar no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <https://www.edu.xunta.gal> os anexos citados.

Cuarto. As persoas interesadas poderán formular alegacións no prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <https://www.edu.xunta.gal>

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

